


Galas



Mestras e Mestres da Memoria

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) trouxo a Lugo este ano a súa gala dos premios Mestras e Mestres da Memoria, co lema "Lugo, capital galega da literatura de tradición oral", unha cita que tivo lugar na Casa do Saber na xornada previa ao Día da Narración Oral. O obxectivo principal desta gala foi a entrega dos cuartos premios Mestras e Mestres da Memoria, que se conceden a dous informantes da literatura popular, por toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da nosa cultura popular tradicional. A proposta da Sección de Literatura de Tradición Oral, aprobada

na asemblea xeral de socios, foi a de outorgar os premios de 2016 a Dolores Macías Pose, labrega de Cabana de Bergantiños que adicou toda a súa vida ao folclore, e aos músicos Mini (Xosé Luis Rivas Cruz) e Mero (Baldomero Iglesias Dobbarrio). No acto, ademais dos premiados, interviron o grupo de gaiteiros Lúa Chea de San Xoán, o acordeonista Elio Mato, Matilde Vilaríño e Francisco Almuiña. Antonio Reigosa, membro da AELG, recalcou que o anteproxecto da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia ten un capítulo dedicado ao patrimonio cultural inmaterial no que se recollen as figuras de mestre e mestra. Reigosa adiantou durante a súa intervención que a intención para os próximos anos é que a gala siga a celebrarse en Lugo. Fotos de X. Ponte.

